

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día doce de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto .

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O señor alcalde explica que foi remitido á Alcaldía municipal o expediente núm. 2022/C004/000026, para a contratación, por procedemento aberto simplificado, do «Servizo de contratación artística e produción do VI Festival "Temple Jazz 2022"», cuxa celebración está prevista para os vindeiros días 8 e 9 de xullo, o que xustifica a súa licitación á maior brevidade posible, co fin de poder tramitar o correspondente procedemento de contratación dentro dos prazos fixados.

Así mesmo, foi remitida a proposta de adxudicación dos dous lotes integrantes do contrato menor 2022/C002/000059, correspondente ao servizo de produción do proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre e contratación artística do espectáculo "A música de Cecebre", dentro do Programa Escena ao Vivo!-Música da Rede Cultural 2022, cuxos actos está previsto que teñan lugar no campo da festa de Cecebre o sábado 21 de maio de 2022, o que xustifica a súa urxente adxudicación co fin de contar con tempo suficiente para a súa organización.

Así pois, tendo en conta os prazos tan axustados cos que se conta para a licitación e adxudicación, respectivamente, dos citados expedientes de contratación, ao que se une que a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno local vaise atrasar debido a que o seu día habitual de celebración recae en día festivo, por todo isto o señor alcalde manifesta que considera debidamente xustificada a convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000026, por procedemento aberto simplificado, do «Servizo de contratación artística e produción do VI Festival "Temple Jazz 2022"»

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 1 de maio de 2022, elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal a memoria xustificativa para a contratación do servizo de contratación artística e produción do VI Festival Temple Jazz 2022, na que constan a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a división do obxecto do contrato en dous lotes e a xustificación da elección do procedemento, cun valor estimado de 34.624,19 euros e un orzamento base de licitación de 31.476,54 euros sen IVE, 38.086,61 euros IVE incluído. Coa mesma data, o técnico municipal asina as prescricións técnicas que rexerán a presente contratación.

Con data do 10 de maio de 2022, elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal e polo concelleiro-delegado da área de Cultura, deportes e xuventude informe relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo de contratación artística e produción do VI Festival Temple Jazz 2022.

Consta documento de retención de crédito no orzamento de 2022, asinado con data 2 de maio de 2022 polo Interventor da Corporación.

Consta documento de retención de crédito no orzamento de 2022, asinado con data 2 de maio de 2022 polo Interventor da Corporación.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP, con data de 10 de maio de 2022.

Consta, igualmente, informe proposta emitido pola Secretaria accidental mais o Interventor municipal ao que se achega o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a presente contratación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue a contratación artística e produción do VI Festival Temple Jazz 2022, que está previsto celebrar os días 8 e 9 de xullo, no Parque Ramón Barba do Temple (Cambre).

Debido á diversidade das prestacións requiridas, e para facilitar o acceso á contratación pública a un maior número de empresas, o contrato estrutúrase en dous lotes.

- Lote 1: Contratación artística e servizo de dirección artística.
- Lote 2: A subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival.

O seu fundamento normativo atópase na Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das bases de réxime local, establece como propias dos municipios as competencias en materia de ocupación do tempo libre, así como na promoción da cultura, de conformidade co estipulado no seu artigo 25.2.l) e m), modificado pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local.

Con isto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C004/000026 por procedemento aberto simplificado, con multiplicidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente ao seguinte contrato mixto de servizos e subministración:

Obxecto do contrato:	Servizo de contratación artística e produción do VI Festival Temple Jazz 2022 <ul style="list-style-type: none">- Lote 1: Contratación artística e servizo de dirección artística.- Lote 2: A subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival.
Orzamento base de licitación:	Para 1 ano de contrato: Base de licitación 31.476,54 € IVE 6.610,07 € Total 38.086,61 € Desagregado da seguinte forma: Lote 1: 12.006,00 € + 2.521,26 € de IVE = 14.527,26 € Lote 2: 19.470,54 € + 4.088,81 € de IVE = 23.559,36 €
Valor estimado:	34.624,19 euros Desagregado da seguinte forma: Lote 1: 13.206,60 € Lote 2: 21.417,59 €
Duración:	O prazo de duración do presente contrato, para cada un dos lotes, será desde a súa formalización ata que finalice a execución da prestación. De conformidade con lo establecido en las prescricións técnicas que rexen a presente contratación, a prestación executarase os días 8 e 9 de xullo de 2022 en horario de tarde e noite. O director artístico estará dispoñible durante 20 días antes da data do evento, para a necesaria coordinación do mesmo co Concello e puntualmente asistirá a reunións cando se lle solicite por parte da Concellería de Cultura.

Isto, en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do



Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias “2022.334.22706 Premios e asistencias técnicas promoción cultural” e “2022.334.22609 Actividades Culturais”.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de urbanismo e réxime interior, don Emilio Martínez Cubero.
 - A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado, e como suplente, a coordinadora deportiva, dona Cristina Sanmartín Sánchez.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de adxudicación do contrato menor para a produción do proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre así como a contratación artística do espectáculo “A música de Cecebre” dentro do Programa Escena ao Vivo!-Música da Rede Cultural 2022. Expediente: 2022/C002/000059

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 28/04/2022 asínase polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta e informe de necesidade”, correspondente á Produción do proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre así como a contratación artística do espectáculo “A música de Cecebre” dentro do Programa Escena ao Vivo!-Música da Rede Cultural 2022, composto por dous lotes:

LOTE N.º1: “*Produción do Proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre*”, cun importe de licitación de 3.897,02 euros sen IVE, 4.715,39 euros IVE incluído.

LOTE N.º 2: *Contratación artística do espectáculo “A música de Cecebre” dentro do Programa Escena ao Vivo!-Música da Rede Cultural 2022*, cun importe de licitación de 6.200,00 euros sen IVE, 7.502,00 euros IVE incluído.

Cun prazo de execución de 1 día laborable.

Dito documento inclúe o denominado “Memoria valorada” elaborado polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que se motiva a necesidade do contrato.

Con datas de 20 e 25 de abril de 2022 emítense documentos de “Retención de crédito” pola Intervención municipal nos que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334.22609 (Actividades culturais).

Con data 09/05/2022 emítense informe de selección de contratista asinado polo técnico coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude no que consta que no expediente foron invitadas as seguintes empresas:

- Marcos Manuel Souto Castelo (Lote 1)
- Begoña Mareque Maneiro (Lote 1)
- Manarte Producciones, S.L. (Lote 1)
- Lorena Ballesteros Rodríguez (Lote 2)

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

	Empresa	Oferta IVE incluído
Lote 1	Begoña Mareque Maneiro	4.511,93 €
	Manarte Producciones, S.L.	4.706,90 €
Lote 2	Lorena Ballesteros Rodríguez	7.502,00 €

Formulando a seguinte proposta:

- *Adjudicar o contrato menor correspondente ao **Lote 1** – CM Proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre a Begoña Mareque Maneiro con NIF 32****48W e domicilio ***, no prezo ofertado de 3.728,87 € sen IVE, 4.511,93 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.*

- Adxudicar o contrato menor correspondente ao **Lote 2** – CM Proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre a Lorena Ballesteros Rodríguez con NIF 50****57Z e domicilio ***, no prezo ofertado de 6.200,00 € sen IVE, 7.502,00 € IVE incluído, por ser o representante en exclusiva do artista.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data do 11 maio de 2022, e mailo informe de fiscalización JUA nº 206/2022, emitido polo interventor da Corporación con data do 12 maio de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Proposta e informe de necesidade” asinado polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente ao servizo da “Producción do proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre así como a contratación artística do espectáculo “A música de Cecebre” dentro do Programa Escena ao Vivo!-Música da Rede Cultural 2022”, composto por dous lotes:

LOTE N.º1: *Producción do Proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre*, cun importe de licitación de 3.897,02 euros sen IVE, 4.715,39 euros IVE incluído.

LOTE N.º 2: *Contratación artística do espectáculo “A música de Cecebre” dentro do Programa Escena ao Vivo!-Música da Rede Cultural 2022*, cun importe de licitación de 6.200,00 euros sen IVE, 7.502,00 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 día laborable, elaborado polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609 (Actividades culturais).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000059, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Cuarto: Adjudicar o contrato menor correspondente ao **Lote 1** – *Producción do Proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre* - a Begoña Mareque Maneiro, con NIF 32****48W, no prezo ofertado de 3.728,87 € sen IVE, 4.511,93 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: Adjudicar o contrato menor correspondente ao **Lote 2** – *CM Proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre* - a Lorena Ballesteros Rodríguez, con NIF 50****57Z, no prezo ofertado de 6.200,00 € sen IVE, 7.502,00 € IVE incluído, por ser o representante en exclusiva do artista.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Designar como responsable do contrato ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, don José Luís Martínez Nazara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica María Otero López